



**ACORDO PARA A EFECTIVIDADE E ACOMODACIÓN DA PRIMEIRA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DERIVADA DA FUNCIONARIZACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL LABORAL E A EQUIPARACIÓN DE CATEGORÍAS LABORAIS CON POSTOS FUNCIONARIAS DE ADMINISTRACION XERAL.**

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece, en concordancia co contido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a posibilidade de proceder á funcionarización do persoal laboral fixo nos corpos e escalas de persoal funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia. Ao dito persoal garántenselle as retribucións brutas que estaba a percibir como laboral fixo se estas son superiores ás que lle correspondan como funcionario.

En desenvolvemento do anterior publicouse o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. Referente ás cuestións retributivas establece, no seu artigo 9, que o persoal laboral fixo que supere o proceso de funcionarización, a partir da toma de posesión como funcionario de carreira, pasará a devindicar todas as súas retribucións conforme o sistema, conceptos e contías establecidos con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira da Comunidade Autónoma. E en concordancia co establecido no parágrafo primeiro, garantiráselle as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, que estaba a percibir como laboral fixo, se estas fosen superiores ás que lle correspondan como persoal funcionario de carreira.

A Dirección Xeral da Función Pública elaborou unha modificación de relación de postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia co obxecto de adaptar os postos de traballo definidos actualmente nas respectivas RPT como de adscrición de persoal laboral á condición de persoal funcionario dentro dalgunha das categorías recollidas no anexo do Decreto 165/2019.

Ao abeiro do proceso de funcionarización publicáronse as resolucións do 7 de febreiro de 2020 (DOG Nº32 do 17 de febreiro) polas que se convocaban os procesos de funcionarización correspondentes a distintas categorías de persoal laboral dos Grupos I, II, III, IV e V, para a súa funcionarización en diversos corpos e escalas de persoal funcionario correspondentes aos subgrupos A1, A2, C1, C2 e á escala de persoal subalterno da agrupación profesional de persoal funcionario. Os postos correspondentes a estas categorías funcionarizadas son os que figurarán na RPT á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As partes concordan nos seguintes principios e liñas de actuación para a presente modificación de RPT, primeira derivada da funcionarización establecida no Decreto 165/2019, do 26 de decembro

**Primeiro.** É un principio básico nos procesos de funcionarización a consecuencia de que o cambio do vínculo garante o mantemento das retribucións brutas anuais para o persoal funcionariado polo que este persoal non sufrirá ningunha perda económica nas súas retribucións brutas anuais pola súa funcionarización.

*Handwritten notes in blue ink:*  
- Vertical line on the left side of the page.  
- "L. m. Boneda" written vertically.  
- "MAY-5-P" written vertically.  
- "AMM" written vertically.





O persoal laboral fixo que supere o proceso de funcionarización a partires da súa toma de posesión como funcionario de carreira pasará a devindicar todas as súas retribucións equivalentes conforme ao sistema, conceptos e contías establecidas con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira da Comunidade Autónoma.

Todo o persoal funcionarizado terá un incremento neto das súas retribucións derivada da non cotización social de determinadas contías que se facían como persoal laboral.

Así mesmo a inmensa maioría terá un incremento das súas retribucións brutas anuais por incrementos derivados da homoxeneizacións de retribucións e, en trienios do persoal dos subgrupos A1 e A2 polo cambio de trienios a funcionariais.

Os que non perciban ese incremento bruto anual, tal como se establece no decreto de funcionarización percibirán un complemento de funcionarización.

Tómanse como referencia na transformación dos postos os acordos retributivos establecidos para os complementos específicos do persoal funcionario aos efectos da homologación retributiva e encaixe dentro do sistema da RPT. Ademais, é necesario establecer novos supostos co obxecto de acadar complementos específicos que retribúan determinadas competencias, funcións e tarefas tal como se establece no apartado terceiro do presente instrumento.

Especial explicación merece ese complemento para a súa correcta comprensión:

A diferenza de retribucións entre a condición de persoal funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización-persoal que comprende a diferenza de retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, percibidas como persoal laboral fixo, excluídos os complementos de antigüidade e demais complementos persoais, e as percibidas como persoal funcionario. Este complemento percibirase en 12 mensualidades. Este complemento non é compensable nin absorbible, salvo que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que, con carácter xeral, establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O complemento de antigüidade:

Para aquelas persoas que se integren nos subgrupos C1, C2 e a agrupación profesional: Recollerá a diferenza de retribucións entre a contía dos trienios recoñecidos como persoal laboral e a súa equivalencia como trienios do persoal funcionario. Este complemento percibirase en 14 mensualidades e non será compensable nin absorbible. Percibirá os trienios recoñecidos valorados na contía que corresponda ao corpo, grupo escala ou especialidade do posto equivalente.

O primeiro trienio que se perfeccione como funcionario non terá unha contía inferior ao que se percibiría como laboral.

As persoas que se integren nos subgrupos A1 e A2: A este persoal non é necesario establecerlles un complemento de antigüidade xa que ao converterse os seus trienios de persoal laboral a trienios como persoal funcionario orixinará para todos eles un incremento retributivo en este concepto de antigüidade.



**Segundo.**-A modificación da RPT afectará non so aos concretos postos que foron obxecto de funcionarización senón que ten afectación directa a todas as categorías e postos con independencia da condición do vínculo laboral fixo (funcionarizado ou non) ou laboral temporal dos persoas que os ocupan e incluso aos que non estean ocupados.

Unha vez rematados os procesos de estabilización darase cumprimento ás previsións contidas na disposición transitoria primeira bis da Lei de Emprego Público de Galicia.

**Terceiro.**-Especial consideración deben ter, neste momento, os postos que se transforman á agrupación profesional de subalterno dado que teñen unha tipoloxía diferente segundo os centros e actividades aos que pertencen. Ademais hai que conformar estes postos consonte os corpos de funcionarios existentes, a tal fin acórdanse os seguintes criterios de homologación a postos funcionariais:

En tanto en cuanto non se acorde coas organizacións sindicais outro réxime de aboamento, o persoal funcionarizado que teñan quendas nocturnas as seguirá percibindo, na cantidade que lle correspondería segundo as estaba a percibir como persoal laboral do convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, tendo en conta para o seu cálculo as retribucións que percibiría como persoal laboral e non as que vai a ter como persoal funcionario. Esta cantidade no réxime funcional terá a consideración de produtividade.

Aos postos de centros de educación especial establécese o nivel 10 de destino (persoal subalterno) máis un incremento do complemento específico en 60 euros mensuais.

Aos postos dos centros de menores que contan con complementos de penosidade e perigosidade establécese un complemento específico correspondente a un nivel 14 (de agrupacións profesionais) máis un incremento de “específico centro de menores” de 60 euros mensuais. Este complemento será de 70 euros no suposto que ademais conten con complemento B12, responsabilidade. Así mesmo, se tiveran establecido o complemento B14, especial dedicación establécese un incremento do complemento específico por importe de 77,64 euros mensuais.

Ao posto do centro ocupacional o Saiar que conta con complementos de penosidade e perigosidade establécese un complemento específico correspondente a un nivel 14 (de agrupacións profesionais) máis un incremento de específico “centro de menores” de 60 euros mensuais.

Aos postos de residencias dependentes da Consellería de Política Social que contan con complementos de penosidade e perigosidade establécese un específico nivel 14 (agrupacións profesionais) máis un incremento de “específico residencias” un importe de 60 euros mensuais.

Aos postos das residencias dependentes da Consellería de Política Social que actualmente teñen o complemento B14, especial dedicación, e complemento de penosidade establécese un específico nivel 14 (agrupacións profesionais) e inclúese un incremento do complemento específico por importe equivalente ao actual de rexistro de 77,64 euros mensuais.

Si ademais contan cun complemento de perigosidade ou responsabilidade percibirán ademais un incremento de “específico residencias” polo importe de 60 euros mensuais. No suposto, de contar con ambos este incremento de específico residencias será dun importe de 70 euros mensuais.





**Cuarto.**-Sen prexuízo dos complementos específicos establecidos neste acordo as partes asinantes do mesmo poderán propor unha modificación de conceptos retributivos nos postos das escalas afectadas para que en virtude dos principios de claridade, transparencia e homoxeneidade situacións iguais teñan igual reflexo na RPT.

**Quinto.**-Constituirase unha comisión de seguimento presidida polo director xeral da función Pública e constituída por un membro vocal de cada organización sindical asinante e iguais membros por parte da dirección xeral da función pública que ademais do establecido no apartado anterior será a encargada da vixilancia, interpretación e seguimento do establecido neste acordo.

Esta comisión será consultada sobre os complementos de funcionarización que se establezan aos laborais fixos con posto nesta RPT que se funcionaricen con posterioridade a súa entrada en vigor.

Santiago de Compostela, a 26 de xuño de 2021

**Pola administración:**

O director xeral de Función Pública

José María Barreiro Díaz

**Polas organizacións sindicais:**

O representante de C.C.OO.

Javier Lareu Rodiño

O representante de U.G.T.

Delia Irene Martínez Conde